




## RENACE O B.I.T.

Este é o número 1 do B.I.T., un boletín que naceu (e morreu) vai tres anos e medio no seo da DAAT (Delegación de Alumnos) co gallo de informar os alumnos desta escola.

O grupo editor, formado pola Xunta Directiva da actual Delegación, observando a falta de información dos alumnos ós que representa, pretende p o l a recuperación deste Boletín, crear unha vía que sirva para a difusión entre o alumnado da actualidade da Escola.

Ademais, cunha de tirada de 1000 exemplares agárdase que a práctica totalidade dos alumnos (sobre uns 1600) poidan ter unha copia do BIT.



No número inicial, que podedes consultar na Biblioteca ou no novo tablón da Delegación (antes do S.P.T.) falábase de temas aínda de actualidade coma a segunda fase da Escola (da cal nos ocuparemos máis adiante) ou dos cambios nas subdireccións.

Tres anos máis tarde, temos unha Delegación de alumnos totalmente renovada e moitos problemas novos, dos que damos conta nestas poucas páxinas.

A introducción de publicidade responde só a necesidade de financiamento do custe de impresión. Sen máis, agradamos que o formato e a maquetación sexa do voso agrado.

A Dirección decide destina-lo local da asociación a novos funcionarios

## I.S.F. obrigado a deixa-la Escola

A O.N.G. Enxeñeiros Sen Fronteiras veuse obrigada a abandonar o local que viñan utilizando dende hai moitos anos (na entrada das aulas A4 e A5), para darlle cabida a dous novos funcionarios informáticos.

Dende a Delegación comprendemos a necesidade de outorgar-lles un local a estes funcionarios (dos que todos esperamos moito) e incluso entendemos que ese local sexa o que ocupaba ISF, máis non compartimos o "modus operandi" co que produciu o troco. A falta dun local onde colocar esta histórica asociación a pasada Dirección asignoulles ó chamado Local de Asociacións (un laboratorio da torre de Telemática) que depende da Delegación de alumnos e, polo tanto, é a única que pode decidir que ten acceso a dito local.

DAAT unha vez tivo constancia destes feitos, propuso a utilización de varias zonas da escola para ser utilizadas ben polos funcionarios ou por I.S.F.

sen obter máis resposta que a posibilidade de obter un local no edificio de Fundación, lonxe da Escola que creou a sección galega desta ONG.

Namentras a Delegación acolle no seu local á asociación incrementando os problemas que temos de espazo para que as empresas fagan as súas entrevistas de selección de personal.



## ÍNDICE

### INFORME DAAT 01

Explicación da organización interna da Delegación e informe de contas

### COMISIÓNS 10

As últimas novas das comisións da Delegación

### BREVES (\*.ZIP) 11

Novas condensadas na última páxina

### SAN TELECO 11

8 DE NOVEMBRO: Festa do Milenio

### ¿SABÍAS QUE...? 11

temos unha sección de curiosidades?

## Asamblea Xeral

O próximo día 6 de Outubro ás 13:00 horas téra lugar unha Asamblea Ordinaria de alumnos á que todos estades convocados. Na orde do día figuran diversos puntos de importancia como poden se-la aprobación do pasado exercicio de contas (que podes ve-lo seu informe na seguinte páxina), a votación cara a aprobación do Regulamento de Réxime Interno da Delegación e do Servizo de Publicacións de Teleco (S.P.T.) ou Rogos e preguntas que podes aproveitar para pregunta-lo que queiras.

A Delegación de alumnos pide explicacións ó director do departamento

## Resultado de Dispositivos II en Maio

A Delegación ven de solicitar, en Xunta de Escola e por carta, ó director do departamento de Tecnoloxía Electrónica, Carlos Martínez-Peñalver, explicacións da causa do número de aprobados ocorrido na convocatoria de Febreiro deste ano.

Os alumnos desta materia non só tiveron que aturar os incumprimentos docentes do profesorado e o exame a finais do mes de Abril sino que o número de

aprobados reduciuse dun 59.5% na convocatoria de Febreiro do ano pasado (104 aprobados de 175 presentados) na convocatoria deste ano.

Podes ler a carta enviada, que como non podía ser de outro xeito esta pendente de resposta, na páxina WEB:

[www.atlas.uvigo.es/cartas/de2\\_1.htm](http://www.atlas.uvigo.es/cartas/de2_1.htm)

A Delegación solicitou repetidamente á Dirección a exposición das orlas de pasadas promocións nun lugar digno

## As Orlas atópanse abandonadas no almacén da Escola

¿Ónde están as orlas das diferentes promocións de alumnos? Se algunha vez tivestes esta inqueda, pois aquí te-la resposta.

A excepción da primeira promoción que ten a súa orla exposta enriba da porta da Sala de Xuntas (que por certo, queda subindo polas escaleiras da parte de arriba das gradás), o resto delas atópase na almacén da Escola, xunto a caixas valeiras, exames vellos e, por que non dicilo, proxectos de Inglés Técnico. As condicións nas que se atopa este lugar son máis propias de filme de Amenábar que doutra cousa (humidade), po, lixo, e parte do que se atopa neste lugar, polo que a DAAT solicitou que as orlas foran colocadas noutro lugar, preferiblemente nun lugar á vista de



Imaxe das orlas na súa ubicación actual no almacén da Escola

todo o mundo, que según cremos ben poderían ser as paredes do salón de

Actos. Dano-la túa opinión no enderezo: [bit@atlas.uvigo.es](mailto:bit@atlas.uvigo.es)

ESTE OTOÑO ... VIT amna TE



SIEMENS C-25

- + 50 bonobus gratis
- + Enciclopedia Interactiva en CDROM
- + Fondo de Regalo



NOKIA 3210

- + Cheque regalo gasolina 1.000 ptas.
- + 50 bonobus gratis
- + Enciclopedia Interactiva en CDROM

VITamnas

Oferta

OFERTA EXCLUSIVA en MUNDOAMENA c/ Urzaiz, 130 bajo. TLF. 986 377 996 - 655834520 m\_amena@eresmas.com  
Oferta válida hasta el 30 de Octubre a fin de existencias al presentar tu tarjeta universitaria.

## DELEGACIÓN DE ALUMNOS

### ¿Cales son os obxetivos da Delegación de Alumnos?

- Ofrecer un servicio de información e asistencia ó estudante
- Promover as actividades deportivas, culturais e recreativas e a participación do estudante en estas
- Velar polos dereitos do alumnado
- Ofrecer información sobre as saídas no mundo empresarial

### XUNTA DIRECTIVA DA DAAT (delega@atlas.uvigo.es)


**Delegado de Alumnos**  
IAGO SOTO MATA

**Subdelegado de Alumnos**  
ELÍAS PÉREZ CARRERA

**Tesoureiro**  
EUGENIO MNEZ. PACHECO

**Secretaria**  
ALBA VALIÑAS PRIETO

## ORGANIZACIÓN INTERNA DA DELEGACIÓN



### COMISIÓN DE DOCENCIA

#### Funcións:

- Fixación de quendas e exames
- Resolver problemas docentes
- Compra libros biblioteca

#### Coordinadora:

NIKOLE PÉREZ MATO  
(docencia@atlas.uvigo.es)

### COMISIÓN DE CULTURA

#### Funcións:

- Actividades culturais
- Actividades deportivas
- Organización San Teleco

#### Coordinador:

ALEX BASTOS FDEZ.  
(cultura@atlas.uvigo.es)

### COMISIÓN DE EXTERIORES

#### Funcións:

- Recollida de currícula
- Viaxes e bolsas
- Prácticas en empresas

#### Coordinadora:

PATRICIA LEAL FREIRE  
(exterior@atlas.uvigo.es)

### COMIS. INFRAESTRUCTURAS

#### Funcións:

- Mantemento do sistema informático
- Taquillas,...

#### Coordinador:

CARLOS ALARCÓN FDEZ.  
(infra@atlas.uvigo.es)

### COMISIÓN DE DISCIPLINA

#### Funcións:

- Velar polo cumprimento dos Estatutos no seo da DAAT

#### Coordinadora:

VANESSA PÉREZ REFOJOS  
(disciplina@atlas.uvigo.es)

### COMISIÓN PERMANENTE

#### Funcións:

- Tomar decisións xerais

#### Membros:

- Xunta directiva
- Coordinadores comisions
- 4 membros máis da DAAT



¡Nuevas instalaciones! Impartimos clases de  
CAL-I, FO-I, ALG, SSD, CSA, EDG, AO-I, RST, EAN, SDP.

**AM ESTUDIOS TÉCNICOS**

Urzáiz 11, 3º - Vigo - Tlf 986-22.97.57 Fax 986-22.53.86

## INFORME DE CONTAS 1999-2000

### • Conta da Asociación de Alumnos

#### INGRESOS

##### Ingresos San Teleco

12-11-99	1er. Ingreso venta de camisetas	770000
22-11-99	2º Ingreso venta de camisetas	194880
22-11-99	Recolecta Viños (10% ingresos)	183350
-----	Otros ingresos	150089

##### Ingresos varios

19-06-99	Intereses conta (6 meses)	194
18-12-00	Intereses conta (6 meses)	157
14-01-00	Ingresos por taquillas	69000

-----	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>1367670</b>
-------	-----------------------	----------------

#### GASTOS

##### Gastos San Teleco

03-11-99	Santa Traca	16995
08-11-99	1ª Compra de camisetas	200000
08-11-99	Construcción Santo	5000
08-11-99	Pegada carteis	1500
08-11-99	Concerto cantautores	62000
10-11-99	Concerto San Teleco	70000
13-11-99	2ª Compra de camisetas	544560
17-11-99	Ferramentas limpeza	3900
10-12-99	Otros gastos	13000
24-01-00	Dietas San Teleco	47286

##### Gastos Radio Fistro FM

17-11-99	Dominio Fistro FM	12800
17-04-00	Presentación Fistro FM	20000
-----	Material diverso	10787

##### Otros gastos

11-05-99	Compra camisetas equipo fútbol	38250
13-12-99	Compra de ordenadores	285000
22-03-00	Alugamento tarima salón de actos	30000
-----	Gastos protocolarios	14900
13-05-99	Congresos estudiantes UVIGO	15000
02-08-99	Viaxe congreso CEET	20500
03-11-99	Comisión conta exteriores	385
21-03-00	Avogados	30000

-----	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>1441857</b>
-----	<b>TOTAL INGRESOS - GASTOS</b>	<b>-74187</b>

<b>SALDO FINAL CONTA (a 5 de Maio)</b>	<b>505706</b>
----------------------------------------	---------------

### • Conta da Delegación - Rectorado

#### INGRESOS

07-02-00	Orzamento anual	496879
----------	-----------------	--------

-----	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>461967</b>
-------	-----------------------	---------------

#### GASTOS

-----	Planitec S.L.	241634
29-06-99	El Corte Ingles S.A.	15000
11-08-99	Seur Rias Baixas S.A.	6701
04-10-99	Ultratur S.L.	30060
18-10-99	Jose Martínez Neira	18450
02-12-99	Elite Musical S.L.	150122

-----	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>461967</b>
-------	---------------------	---------------

<b>SALDO DISPONIBLE</b>	<b>571177</b>
-------------------------	---------------

Este crédito está disponible só durante o presente exercicio, é dicir ata ó 22 de Decembro

Información sobre o programa de tutorización na seguinte páxina.

**I FORO DE EMPREGO**

A finais do próximo mes de Febreiro terá lugar o I Foro de Emprego. Contaremos coa asistencia de empresas do sector das Telecomunicacións (tanto galegas como de fora de Galicia) que poñerán uns postos (nun lugar aínda sen confirmar, dependendo das obras), nos que darase unha visión global da súa actividade. O mesmo tempo haberá presentacións das empresas no Salón de Actos e recollida de curriculums, co propósito de dar unha ampla panorámica da perspectiva laboral actual do sector da Enxeñería das Telecomunicacións. Nos próximos número do BIT seguiremos informando de como vai discorrendo esta iniciativa

**CURSILLO DE SOCORRISMO**

Tentamos por en marcha un cursoño de salvamento a cargo da organización Cruz Vermella. Este cursoño celebra-ríase no mes de Novembro na Escola e o prezo sería considerablemente inferior ó oficial. Para elo é preciso ter un número mínimo de persoas inscritas. Se estás interesado en

**PRÁCTICAS EN EMPRESAS**

A Delegación de Alumnos está remitindo cartas e faxes ás empresas galegas do sector das Telecomunicacións, para comentar-lles a posibilidade de que alumnos da Escola poidan realizar practicas nas súas empresas como complemento a súa formación, preferiblemente no meses de verán. Algunhas destas empresas xa mostraron interese, polo que nos próximos BITs publicaremos unha lista cos perfís demandados e condicións de traballo.

**III Congreso de Estudiantes da Universidade de Vigo**

O III Congreso de Estudiantes da Universidade de Vigo terá lugar no mes de marzo do vindeiro ano. Xa temos confirmados varios dos ponentes para diversas charlas e ponencias.

Coma nas anteriores dúas ocasións, a organización correrá a cargo da Delegación de Alumnos de Teleco en conxunto coa Delegación de Industriais e minas. Se queredes botar unha man, podedes escribirmos un email a [exteriores@atlas.uvigo.es](mailto:exteriores@atlas.uvigo.es)



**Visita a empresas**  
Estamos traballando na organización de visitas a empresas. A seguinte será unha viaxe a Madrid da que vós informaremos pronto.

**ANTIGOS ALUMNOS**

Creouse a Asociación de Antigos Alumnos da Escola para que os Enxeñeiros que saian de Vigo a traballar non perdan os contacto entre eles, dado as ventaxas que isto podería aportar. Se que ter máis información contacta co e-mail da nosa comisión. Tamén estamos intentando crear unha lista de distribución de ex\_alumnos. Se queres pertencer a ela manda un mail cos teus datos a [exterior@atlas.uvigo.es](mailto:exterior@atlas.uvigo.es)

**OFERTAS EMPREGO**

<p><b>Empresa: R</b> <b>Posto:</b> Apoio a departamentos da información <b>Coñecementos:</b> office e internet <b>Duración:</b> 6 meses <b>Lugar:</b> A Coruña e Vigo <b>Presentación:</b> Prazo: 6 de Outubro Lugar: Real 85 15003 A Coruña</p>	<p><b>Empresa: Undergaming</b> <b>Posto:</b> Desenvolvemento de SW de entretemento . <b>Coñecementos:</b> Java, redes, UNIX e NT <b>Duración:</b> - <b>Lugar:</b> Ames <b>Presentación:</b> Prazo: Urxente Lugar: R/ Figueiras 4, Entlo. 15895 Milladoiro - Ames (A Coruña)</p>	<p><b>Fundación Universidade - Empresa</b> Programa de Iniciación profesional na empresa para titulados CITIUS <b>Prazas:</b> 435 <b>Características:</b> Non ter realizado ningún traballo profesional  Información en: <a href="http://www.fue.es/becas/">www.fue.es/becas/</a></p>
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

**XI Congreso de Estudios de Telecomunicación**

Catro representantes de alumnos da nosa Escola acudirán ó Congreso de Estudios de Teleco, que este ano terá lugar en Barcelona, organizado pola Delegación de Alumnos da Escola Técnica Superior d'Enxeñería de Telecomunicación da Universitat Politècnica de Catalunya.

A recepción terá lugar o martes 17 de Outubro e a entrega de diplomas o sábado 21. Durante estes días haberá trece ponencias, nas que nunha delas está a traballar José Martínez Neira, un alumno de esta Escola.

A C.E.E.T tivo a súa orixe no ano 1990 nesta Escola, e hoxe en día é un referente claro da Enxeñería de Teleco.

Este congreso ademais coincide co XI Fórum de las Telecomunicaciones i Electrónica de Barcelona, que poderán visita-los congresistas a mañá do mércores 18.

Para máis información sobre el congreso e a delegación da UPC, visita a páxina oficial:

<http://dat.upc.es>



**DOCENCIA**

O pasado xoves comezou a petición de quendas de laboratorio. Coma moitos de vos saberedes, esta asignación faise mediante un programa informático que procura, na medida do posible, por a cada un nos quendas que solicita. Por un erro de Xefatura de Estudios, nos carteis que anunciaban os prazos de inscrición, aparecía unha frase que daba a entender que a asignación de quendas sería por orden de chegada. Evidentemente, isto **NON SERÁ ASI**, senón que a asignación a fará o propio programa, como é lóxico. Algúns de vós recordaredes ás terribles colas que se formaron fai uns anos para escoller quenda, con acampada incluída. ¡Que non se repita, por favor!

Asismesmo, dende DAAT propuxemos que a petición das quendas tivera lugar **unha semana máis tarde**, unha vez que todos superamos realmente de que nos íamos a matricular, así como para que os alumnos de primeiro ano tiveran tempo de enterarse do funcionamento das prácticas. Xefatura de Estudios preferiu facelo canto antes mellor para poder escomenza-los laboratorios.

Por outra banda, na anterior Comisión de Docencia preguntouse se habería problemas de falta de profesorado. Non puideron contestarnos xa que todavía estaban sin resolver algúns concursos de profesorado. Esperemos que non se repitan os casos de DE-II e SDP-I.

Calqueira dúbida ou suxestión escríbete a [docencia@atlas.uvigo.es](mailto:docencia@atlas.uvigo.es)

**INFRAESTRUCTURAS**

**Asignación de taquillas**

Como cada ano, chegado o curso comeza o proceso de asignación de taquillas.

Este ano o encargado desta tarefa é o coordinador da comisión de Infraestructuras, Carlos Alarcón.

A recollida de claves e petición de taquillas comezará probablemente a segunda semana do curso académico.

Este ano tentaremos que o proceso sexa máis corto que o pasado ano.

Se estades interesados estade atentos os carteis que se colocarán para informar dos prazos.

Contrarios a inflación decidimos manter as tarifas unha ano máis: 200 pesetas en concepto de alugamento anual, máis 300 pesetas en concepto de fianza, que será devolta o ano que se devolve a chave.

**Paxina WEB da DAAT**

Aproveitando que o WEB da Escola está recibindo un lavado de cara, tentaremos facer o mesmo ca páxina da Delegación. En principio, Jorge Prieto vaise encargar desta tarefa aínda que agradeceríamos moito a túa axuda. Contacta connosco en [infra@atlas.uvigo.es](mailto:infra@atlas.uvigo.es)

**Segunda fase da Escola**

Unha vez que xa temo-lo proxecto definitivo da segunda fase, temo-lo exposto no taboleiro da DAAT (antigo do SPT). O comezo das obras está anunciado para final de ano.

• Na última Comisión de Infraestructuras solicitamos un paso de cebra na saída da Escola

**MAS DE**

**65 O' SE ALQUILA**

**años DE EXPERIENCIA NOS AVALAN**

**Autoescuela**

**AUTORIZADA PARA TODAS LAS CATEGORIAS DE PERMISOS. ENSEÑANZA ESPECIALIZADA PARA MINUSVALIDOS CON VEHICULOS AUTOMATICOS**

**Avda. de Castrelos, nº 28 Entlo. Tlf. 986 23 17 05 / 986 23 26 11**


## ¡BÚSCASE!

		
<b>Encargado Deportes DAAT</b>	<b>Constructores Santo San Teleco</b>	<b>Encargados Seguridade San Teleco</b>

Se coñeces a alguén destes suxeitos comunícalo o máis pronto posible no local da Delegación. Gratificarase (non economicamente)

50 alumnos e profesores tutorizarán a novos alumnos do primeiro curso

## I Programa de Tutorización de Alumnos



Nas reunións de Delegación surtiu a idea de facer "algo" para os novos alumnos de primeiro curso. Nas universidades americanas é común este tipo de actividades, que nós demos en chamar "apadrinamento".

En principio, a idea era un padriño por cada un dos 200 alumnos de primeiro curso, pero atopámonos co "pequeno" inconvincente da falta de xente disposta a apadrinar. Por outra banda, o novo equipo directivo propuxo que na tutorización tamén

propuxo que na tutorización tamén tomaran parte os profesores. Finalmente, temos 25 profesores e 25 alumnos dispostos a ser os primeiros padriños na historia de Teleco, co que tocan máis ou menos a 4 apadrinados cada un. Estes padriños serán os encargados de amosarlle ós novos alumnos ó funcionamento da escola, así como aconsellos á hora de escoller asignaturas de libre configuración, optativas... Habrá un calendario de reunións e ó final de curso farase unha avaliación da actividade.

Agardamos que esta experiencia sexa todo un éxito e que os apadrinados de hoxe sexan os padriños do mañá.

## SAN TELECO 2000 (Bendito Sexa)

### Faltan debuxos

A nosa campaña para conseguir un debuxo oficial para a camiseta deste ano non deu os froitos agardados, pero agardamos que o debuxo definitivo sexa do agrado de todos.

### Ciclo de cine

Na semana anterior o San Teleco agardamos ter un ciclo de Cine coa proxección de 5 filmes, un cada día da semana, con dúas sesións, unha pola mañá e outra pola tarde.

### I Clube da Comedia

Emulando o famoso programa de TV, agardamos contar con alumnos desta Escola que queiran facer rir o resto dos seus compañeiros. Proximanamente faremos públicas as bases para participar e os regalos os mellores. Para inaugurar este Clube contaremos coa presenza de Carlos Blanco (Ladillao) e Patricia Blanco.

### Ciclo de Teatro

Do 13 ó 17 de Novembro estamos traballado para celebrar a I Semana de Teatro na nosa Escola.

### Venda de camisetas

A venda de camisetas e demais produtos oficiais do noso Santo comezará a finais do mes de Outubro, no caso de non producírense retrasos.

### Xornadas de portas abertas

Os días 30 e 31 de Outubro celebráranse unhas xornadas de portas abertas das asociacións da escola (RCT, CTA, ...) nas que se amosarán as actividades nas que están a traballar.

### Kiko Cadaval

O famoso contacontos galego Kiko Cadaval actuará na nosa Escola o próximo 7 de Novembro. Nas datas tamén actuará a compañía de títeres Tanxarina.

Proximamente moita máis información

**8 de Novembro de 2000**

### RADIO CLUB DE TELECO

O Radio Club de Teleco abre un curso máis as súas portas con moitas actividades para todos vos. Como saberedes, o RCT é unha asociación da escola que pretende fomentar a radioafición en tódalas súas facetas: montaxe de equipos, antenas, concursos de radio, comunicacións dixitais vía radio...

Para este catrimestre, temos varios cursiños programados, dos que vos iremos dando conta no noso tablón (ó carón do SPT) e en diversos carteis.

Para máis información, podeades pasar polo RCT (último piso, torre B) ou visitar <http://lostrego.uvigo.es>

### Asociación Científico-Tecnolóxica de Estudiantes

Comenza un novo curso nuevo e ACTE está a preparar distintas actividades que se irán realizando durante iste curso. Como adelanto aquí tendes algunhas do primeiro cuatrimestre

- Curso de iniciación de programación en GTK.
- Curso de creación de circuitos impresos.
- Curso de iniciación a LaTeX

Para máis información (datas, contidos...) visitade <http://chips.uvigo.es> e estade atentos ós carteis que poremos na escola.

### HORARIOS VITRASA

Pza. América      Pza. España

SUBE	BAIXA	SUBE	BAIXA
8:10	8:40	8:10	8:40
8:20	8:50	8:25	8:55
8:30	9:00	8:40	9:10
8:40	9:10	8:55	9:25
8:50	9:20	9:10	9:40
9:00	9:30	9:40	10:10
9:10	9:40	10:10	10:40
9:40	10:10	10:40	11:10
10:10	10:40	11:10	11:40
10:40	11:10	11:40	12:10
11:10	11:40	12:10	12:40
11:40	12:10	12:40	13:10
12:10	12:40	13:10	13:40
12:40	13:10	13:40	14:10
13:10	13:40	13:55	14:25
13:40	14:10	14:10	14:40
13:55	14:25	14:25	14:55
14:10	14:40	14:40	15:10
14:25	14:55	14:55	15:25
14:40	15:10	15:10	15:40
14:55	15:25	15:25	16:10
15:10	15:40	15:40	16:40
15:25	16:10	15:55	17:10
15:40	16:40	16:10	17:40
15:55	17:10	16:40	18:10
16:10	17:40	17:10	18:40
16:40	18:10	17:40	18:55
17:10	18:40	18:10	19:10
17:40	18:55	18:40	19:25
18:10	19:10	19:10	19:40
18:40	19:25	19:25	19:55
19:10	19:40	19:40	20:10
19:25	19:55	19:55	20:25
19:40	20:10	20:10	20:40
19:55	20:25	20:25	20:55
20:10	20:40	20:40	21:10
20:25	20:55		
20:40	21:10		

TLF. 986207474

## BREVES (\*.ZIP)

### Novo equipo Directivo da Escola

- Director da Escola  
Antonio Pena Giménez  
(apena@tsc.uvigo.es)
- Subdirectora Xefe Estudos  
Edita de Lorenzo Rodríguez  
(melorenz@tsc.uvigo.es)
- Subdirector Relaciones Externas  
Fernando Pérez González  
(fperez@tsc.uvigo.es)
- Subdirector Infraestructuras  
Pedro Rodríguez Rubio  
(pedro@ait.uvigo.es)
- Secretario  
Manuel Fernández Iglesias  
(manolo@ait.uvigo.es)

### Resultados da votación:

A favor: 32 votos  
En contra: 27 votos  
En branco: 15 votos  
Nulos: 4 votos

### FISTROFM.NET... la radio en MP3

[www.fistrom.net](http://www.fistrom.net) Ésta é o web da emisora FISTROFM, que emite as 24 horas do día en Internet en formato mp3. A axenda de programas en directo é aínda algo escasa, pero verase incrementada ó longo do curso. Entre programa a programa, emítese música de tódolos tipos e para tódolos gustos. O estudio accédese pola escaleira de caracol (enfrente das gradas).

### Cidade Universitaria S.A.

Podes ver o proxecto da futura Cidade Universitaria, e da segunda fase da nosa escola, no taboleiro de DAAT que está ó carón do SPT.

## ¿Sabías que...

hai unha oficiña de Caixanova na terraza da Biblioteca Central?

podes pedir a compra de libros para a Biblioteca no buzón na porta da local da Delegación?

podes consultar lo teu expediente e a situación da tua matrícula en Internet? Visita a Secretaría Virtual en <http://seix.uvigo.es>

acaba de nacer o Diario da Universidade de Vigo en formato dixital? Podes visitalo en <http://duvi.uvigo.es>

xa recibimos máis de 14 maquetas para o San Teleco (b.s.)?

## NO SEGUINTE NÚMERO...

Daremos as gracias ós que axudaron a editar un novo BIT, falaremos de San Teleco (Bendito Sexa) do programa de tutorización e moito máis ...